



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE DOCE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 17)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de abril de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D^a. M^a. del Pilar García Porto e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de abril de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIA.

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 8 de abril de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe da Secretaría xeral.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 8 de febreiro do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación o día 19 de febreiro do 2019 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 11 de marzo do 2019, para a apertura da documentación administrativa presentada (sobre “A”) e apertura da oferta técnico-económica (sobre “B”). Acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 15 de marzo de 2019, para dación de conta do erro detectado na documentación presentada no sobre B: Falta de sinatura dos traballadores na declaración responsable do Anexo IV Fomento da contratación feminina.

Resolución de Presidencia de data 27 de marzo de 2019, pola que se procedeu a requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa, REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A, atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa o día 3 de abril de 2019.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de mezcla bituminosa en frío para o parque móbil da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación Provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos. Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato licitouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

De conformidade co contido substantivo da Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 11 de marzo do 2019: (...)

Deuse conta que segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:



Empresas concorrentes:

Licitadores
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES ,S.A.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presenta en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa. Resultando que a empresa presenta as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas, e que serán obxecto de revisión en detalle polo servizo de Contratación e Fomento para verificar o cumprimento dos requisitos formais das mesmas, a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico) relativo aos criterios suxeitos a fórmulas ou avaliáveis automaticamente sendo estes criterios os recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP que se reproduce a continuación (...).

No mesmo acto procedeuse a valoración das ofertas presentadas, cos seguintes parámetros:

Sobre B: Proposición económica e documentos relativos a oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática.

Criterios	Oferta	Puntuación Máxima
Menor prezo unitario ofertado. $P_o = 60 * P_b / P_i$	52.272,00 euros	60 Puntos
Menor tempo de desprazamento. $P_o = 30 * P_b / P_i$ Aportar memoria	Non aporta Memoria xustificativa da oferta.	0 Puntos
Fomento da contratación feminina $P_o = 5 * T / T_M$ Aportar declaración	206/410 (50,3%)	5 puntos
Mellora do orzamento de control de calidade 5 ou 2,5 puntos	2 puntos porcentuais por encima do 1%	5 puntos
Total		70 puntos

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais, a Mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas, acorda por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:



Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº Orde	Licitador	Puntuación Acadada
1	REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES ,S.A.	70 puntos

Requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

De conformidade coa minuta da Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 15 de marzo do 2019:

(...) Deuse conta, que unha vez revisada polo Servizo de Contratación e Fomento, a documentación administrativa aportada pola empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A., detectouse que a declaración de “Fomento da contratación feminina” está sen asinar polo Representante do Comité de Empresa. Esta incidencia é subsanada na propia Mesa de Contratación por parte do representante da empresa, D. José Manuel Calvo Davila, que aporta un documento idéntico ao aportado inicialmente pero asinado polo Representante do Comité de Empresa. Non se modifican os datos referentes a ese criterio, complementándose con esta formalidade de tipo probatorio.

Por outra banda, no punto 6 Anexo III presentado polo licitador no sobre B (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), o licitador textualmente declara:

“Comprométese a incrementar o orzamento de control de calidade en 2 % puntos porcentuais por encima do 1 % obrigatorio segundo a cláusula 9 do PPT”.

Así, engadiu despois de “2” o símbolo “%” que non estaba previsto no modelo do Anexo III, aprobado, xa que a cláusula 12 do PCAP establece que o licitador, neste criterio:

“Comprometese a incrementar o orzamento de control de calidade en___ puntos porcentuais por encima do 1%, obrigatorio segundo a cláusula 9 do PPT”.

Polo que esta Mesa de Contratación entende que debe terse por non posto o símbolo “%” e entenderse que o licitador se compromete a incrementar o orzamento de control de calidade en 2 puntos porcentuais por encima do 1% obrigatorio.

Tendo en conta o antedito, confírmanse como correctas as puntuacións facilitadas na mesa celebrada o día 11.03.2019 en relación á proposición económica e documentos relativos a oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática (...).

Por resolución da Presidencia de data 27 de marzo de 2019, clasificouse ao único licitador presentado e acordouse requirir á empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 29 de abril de 2019, notificouse o requirimento á empresa da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. presentou o 3 de abril de 2019 a documentación solicitada.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de

novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A., a contratación da subministración de mezcla bituminosa en frío para o parque móbil da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a subministrar, á Deputación de Lugo, mezcla bituminosa en frío para o parque móbil por un prazo de un ano e ata un importe máximo de 43.200 euros, aos que se engadirán 9.072,00 euros (21%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 52.272,00 euros; importe que se poderá incrementar nun 10% atendendo ás necesidades da administración contratante. Aplicarase en todo caso o prezo unitario de adxudicación: 40 euros por tonelada, aos que haberá que engadir 8,4 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48,4 euros.

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, neste mes de abril, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído
2019	39.204 euros
2020	13.068 euros
Total	52.272 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade 13.068,00 €, na aplicacións indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A empresa adxudicataria comprométese, así mesmo, a:

Subministrar a mezcla bituminosa en frío por importe de (prezo unitario) 40 euros por tonelada, aos que haberá que engadir 8,4 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 48,4 euros.

Incrementar o orzamento de control de calidade en 2 puntos porcentuais por encima do 1% obrigatorio, segundo a cláusula 9 do Prego de Prescricións Técnicas.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

Executar as prestacións obxecto do contrato no período máximo de execución previsto neste prego e, no seu caso, no que resulte da adxudicación.

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñ nesta contratación. A estes efectos, terá a obriga de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas cada tres meses vencidos desde o inicio da prestación e con ocasión da presentación da última das facturas referentes ás prestacións contratadas.

A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC1 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.



Cumplir coas melloras ofrecidas, especificamente, as establecidas como criterios de adxudicación na cláusula 12ª deste PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, prorrogable por outro, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PENSO COMPOSTO PARA A ALIMENTACIÓN DOS ANIMAIS DA GRANXA GAIOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación, dividida en lotes, da subministración de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gaioso Castro.

Lotes
Lote I: Vacas lactación
Lote II: Vacas secas y novillas
Lote III: Tenreiros

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación Provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo co artigo 16 da LCSP, ao conformar o seu obxecto a adquisición de produtos.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP.



En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada, dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 22 da LCSP; En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que ao ter un valor estimado superior a cen mil euros, cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, pola distinta composición do concentrado atendendo ás características do animal a abastecer, prevese a realización independente de cada unha das subministracións de concentrado, mediante a división en lotes, segundo se precisa a continuación:

Lotes	Necesidades de subministro anuais	Prezo unitario por tonelada (IVE excluído)	Importe sen IVE	Orzamento base de licitación (1 ano)
Lote I: Vacas lactación (1)	110Tm (concentrado vacas produción)	275,00€/Tm	30.250€	33.275€
	110 Tm (ración seca)	269,00€/Tm	29.590€	32.549€
	Total: 220 Tm		Total:59.840€	Total:65.824€
Lote II: Vacas secas y novillas	375 Tm	289,00€/Tm	108.375€	119.212,50€
Lote III: Tenreiros	30Tm	312,50€/Tm	9.375€	10.312,50€
Total Lotes	625 Tm		177.590€	195.349€

(1) No lote I, prevese a posibilidade de substituír o concentrado de penso composto por concentrado de mezcla seca, segundo o disposto no PPT.

Cada lote constituirá un único contrato, de modo que é susceptible de adxudicación independente. No caso de xurdiren incidencias ou demoras na tramitación da adxudicación dalgún dos lotes poderá continuar a tramitación dos restantes, incluída a adxudicación, licitación e comezo da prestación.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 05 de abril de 2019, o importe do contrato ascende a 177.590,00 euros, máis 17.759,00 en concepto de IVE engadido, e finánciase da cordo as seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación	Importe
2019	4120.22113	118.393,34
2020	4120.22113	59.196,66
		Total: 177.590,00

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 118.393,34 €, para a anualidade 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades: 2020 a cantidade de 59.196,66€, nas aplicacións que se indican.

Os prezos unitarios que rexerán durante a execución do contrato para cada tipo de subministro e lote, será o prezo unitario ofertado en cada lote polo adxudicatario, que poderá incluír na súa oferta melloras á baixa sobre o orzamento de licitación, medido en forma de prezos unitarios, no que se inclúe o IVE correspondente. O prezo total do contrato será o resultado de multiplicar o número de toneladas efectivamente recepcionadas de conformidade pola entidade contratante polo prezo unitario por lote ofertado polo adxudicatario, no que se inclúe o correspondente IVE.

A formulación do prezo contractual en termos de prezos unitarios está prevista no artigo 102.4 da LCSP.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Director da Granxa Gaioso Castro, que forma parte do expediente.

A duración do contrato será de un ano, sen posibilidade de prórroga, a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación da subministración. Antes de iniciarse a

prestación debe estenderse unha acta de inicio para cada lote, e a partir do día seguinte, comezará a computarse o prazo de execución do contrato. Poderán iniciarse as prestacións en cada lote, con independencia do outro.

No PCAP prevese a modificación do contrato ao abeiro do previsto no art.204, en relación coa Disposición Adicional 33, ambos da LCSP, dentro dos límites do 10% do Presuposto Base de Licitación.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial.

O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes da subministración de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gaioso Castro.

Lotes	Importe sen IVE	IVE (10%)	Orzamento base de licitación (1 ano)
Lote I: Vacas lactación (1)	59.840€	5.984€	65.824€
Lote II: Vacas secas y novillas	108.750€	10.875€	119.625€
Lote III: Tenreiros	9.000€	900 €	9.900€
Total lotes	177.590€		195.349€

(1) No lote I, prevese a posibilidade de substituír o concentrado de penso composto por concentrado de mezcla seca, segundo o disposto no PPT.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento base de licitación deste contrato (1 ano) que ascende a 177.590,00 € aos que se aplicará un IVE do 10%, 17.759,00 €, o que fai un total de 195.349,00 €, atendendo ao seguinte desglose, segundo Informe de Intervención de data 05 de abril de 2019.



Anualidade	Aplicación	Importe
2019	4120.22113	118.393,34
2020	4120.22113	59.196,66
		TOTAL: 177.590,00

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2019, pola cantidade de 118.393,34 €, para a anualidade 2019.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 as cantidades indicadas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE TRABADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5506 “AUGAXOSA (LU-P-2801)-TRABADA (LU-132)”, P.K. 4+220 AL 7+220.

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos: “(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de decembro de 2018, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 167.230,00 €, dos cales 29.023,39 son de IVE, correspondente á obra: TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)- Trabada (LU-132)", PK 4+220 al 7+220.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 24 de xaneiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluido)	167.230,00				
	138.206,61	29.023,39	DE IVE (partida independiente)		
VALOR ESTIMADO					
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO				
PRAZO DE EXECUCION:	6				
				MAXIMO	
				6.910.33	

				MELLORAS	
IMP. SIN IVE	36,31			IMP CON IVE	52,28
IMP. GX e BI					
				43,21	

EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACION (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			PREZO (IVE incluido.- art 102)	Oferta (m pavimento e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/V. Estimado	Plantel / Discapacidade			
								%	%	
1	GRUPO BASCUAS 2008 SL		142.786,13 €	104,00	4.642,21	1.126,38 €	85/1	85,38%	14,62%	138.143,92 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		126.204,04 €	32,00	1.262,58	200,00 €	9/0	75,47%	24,53%	124.941,46 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		141.570,00 €	1,00	44,26	1,00 €	24/0	84,66%	15,34%	141.525,74 €
4	HORDESCÓN SL		142.931,48 €	20,00	893,67	469,42 €	17/0	85,47%	14,53%	142.037,81 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	124.447,00 €	0,00	0,00	829,24 €	180/3	74,42%	25,58%	124.447,00 €
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		146.730,36 €	200,00	9.174,09	6.000,00 €	119/2	87,74%	12,26%	137.556,27 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	128.547,00 €	83,17	3.342,41	0,00 €	12/0	76,87%	23,13%	125.204,59 €

18



consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	GRUPO BASCUAS 2008 SL		138.143,92 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		124.941,46 €
3	DESARROLLOS Y METAS SL		141.525,74 €
4	HORDESCÓN SL		142.037,81 €
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	124.447,00 €
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		137.556,27 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	125.204,59 €

MEDIA

134.775,37

BAIXA
DESPROPORCIONADA

121.297,83

10% ARRIBA

148.252,90

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. COMUNICACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	GRUPO BASCUAS 2008 SL		142.786,13 €	42,85	104,00	10,40	1.126,38 €	0,94	54,19
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		126.204,04 €	71,92	32,00	3,20	200,00 €	0,17	75,29
3	DESARROLLOS Y METAS SL		141.570,00 €	44,98	1,00	0,10	1,00 €	0,00	45,08
4	HORDESCÓN SL		142.931,48 €	42,60	20,00	2,00	469,42 €	0,39	44,99
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	124.447,00 €	75,00	0,00	0,00	829,24 €	0,69	75,69
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		146.730,36 €	35,94	200,00	20,00	6.000,00 €	5,00	60,94
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	128.547,00 €	67,81	83,17	8,32	0,00 €	0,00	76,13

A vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais

vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 08 de marzo de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	76,13
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	75,69
3	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		75,29
4	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA		60,94
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		54,19
6	DESARROLLOS Y METAS SL		45,08
7	HORDESCÓN SL		44,99

Requirir ao contratista EXPLOTACIONES GALLEGAS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito con rexistro de data 15 de marzo de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 18-03-2019) foi requirida a mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 5.311,86 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, achegou a través de escrito de data 02 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)", PK 4+220 al 7+220, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 21 de decembro de 2018, á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 128.547,00 € dos cales 22.309,81€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 83,17 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0,00 € e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra TRABADA.-Rehabilitación de firme LU-P-5506 "Augaxosa (LU-P-2801)-Trabada (LU-132)", PK 4+220 AL 7+220, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 21 de decembro de 2018, á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 128.547,00 € dos cales 22.309,81€ son de IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP de 83,17 metros; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 0,00 € e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, E MODIFICACIONES DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á modificación do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 08 de abril de 2019, no que literalmente establécese canto segue:

“Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 200.000,00€ a favor da entidade Fundación Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019, subvención incluída na Liña 3.2.1 – Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2018: 115.400,00€

Ano 2019: 84.600,00€.

O importe da anualidade 2019 queda supeditado ao condicionante fixado no punto terceiro.

Con carácter excepcional, e o tratarse dun proxecto de gran repercusión social para esta provincia, elévase os límites sinalados no art. 174 da TRLRFL, de acordo coa distribución por anualidades sinalada no punto anterior.

Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 200.000,00 € que se desglosa en 115.400,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Fundación Daño Cerebral, para sufragar gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, e para a anualidade 2019 por importe de 84.600,000€, adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral do 2019 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostibilidade financeira.

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

O Convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019 formalizouse o 6 de febreiro de 2019.

O Convenio regulador da devandita subvención excepcional establece o seguinte:

Na cláusula primeira –obxecto do convenio:

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a colaboración de fomento entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione a beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, na parcela con referencia catastral 27010A221000410000PE segundo se concretou no clausulado dese acordo concesional , outorgado o 8-04-2017, nas anualidades 2018 e 2019.”

Na cláusula terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución das actuacións ascende á cantidade total de 662.055,30€, distribuídos da seguinte forma (382.005,91€ para o ano 2018 e 280.049,39€ para o ano 2019), de acordo co orzamento achegado coa solicitude que obra no expediente.

(...)

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro das anualidades 2018 e 2019, en aplicación do previsto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

(...)”.

Na cláusula Cuarta.- Achegas e compromisos das partes.

“Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

(...)

A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar o proxecto cunha cantidade total de 200.000,00€, distribuídos da seguinte forma (115.400,00€ para o ano 2018 e 84.600,00€ para o ano 2019).

Incluír no orzamento do ano 2019 a cantidade de 115.400,00€, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

(...)”.

Na cláusula Oitava.- Xustificación e aboamento das subvencións.

“(...

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

Solicitud debidamente cumprimentada.

Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

No caso de relacionarse nóminas debe vir desglosado o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputan á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior

achegándoas, polo custe total da actuación subvencionada. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.

Acta de recepción da obra, certificacións de obra e certificación final.

Dúas fotografías da inversión realizada.

Compromiso da entidade beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período de cinco anos.

A entidade beneficiaria achegará documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas e que son obxecto desta subvención.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera

moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinada polo receptor con identificación do mesmo (N.I.F. e nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Estarase á normativa vixente en cada momento.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. Tamén procederá a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta.

O abono da subvención correspondente a cada unha das anualidades, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.”

Na cláusula Décima.- Vixencia do Convenio.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade 2019 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2021 debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2019 na data límite

do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

Na cláusula Undécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2019 para xustificar a anualidade 2018 e o 31 de marzo de 2020 para xustificar a anualidade 2019. (...)”

O representante da Fundación de Daño Cerebral presentou, o 18 de marzo de 2019 na Deputación Provincial de Lugo, destinada ao Servizo de Contratación e Fomento, a documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019. Concretamente a xustificación correspondente á anualidade do 2018.

Tras revisar a documentación xustificativa aportada e a súa concordancia co establecido no convenio asinado constátase un erro na cláusula cuarta do convenio de referencia, en tanto que di:

“Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

(...)

A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar o proxecto cunha cantidade total de 200.000,00€, distribuídos da seguinte forma (115.400,00€ para o ano 2018 e 84.600,00€ para o ano 2019).

Incluír no orzamento do ano 2019 a cantidade de 115.400,00 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

(...)”.

Polo tanto prodúcese a necesidade de modificar a cláusula cuarta - Achegas e compromisos das partes -obxecto- do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019, asinado o 6 de febreiro de 2019, deixando inalteradas as restantes cláusulas do convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

“Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

(...)

A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar o proxecto cunha cantidade total de 200.000,00€, distribuídos da seguinte forma (115.400,00€ para o ano 2018 e 84.600,00€ para o ano 2019).

Incluír no orzamento do ano 2019 a cantidade de 84.600,00 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

(...)

Consideracións

O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(...) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais, normativa á que se fai alusión no expediente de concesión da subvención.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

Existe a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Na cláusula décima –vixencia- do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019 establécese que “(...) A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade 2019 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2021 debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2019 na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.(...).”

Polo que o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes.

O presente convenio e polo tanto, tamén a súa modificación, ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a aprobación da presente modificación é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 58.18 do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10 de marzo de 2011) e na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o

órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fagan constar as modificacións identificadas no presente informe, dadas as razóns expostas”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula cuarta do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019 nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do convenio de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á modificación do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Lánacara con Cuba, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Lánacara”, na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 8 de abril de 2019, no que literalmente establécese canto segue:

“ Modificación do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Lánacara con Cuba para sufragar

os gastos derivados da execución do proxecto de “acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, na anualidade 2018.

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de outubro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 49.875,00€ a favor da entidade Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con cuba, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Acondicionamiento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Aprobar o gasto de 49.875,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba, para sufragar gastos derivados do proxecto anteriormente mentado.

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.”

O convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, na anualidade 2018 formalizouse o 13 de novembro de 2018.

O Convenio regulador da devandita subvención excepcional establece o seguinte:

Na cláusula primeira –obxecto do convenio:

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial



subvencione a esta Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamiento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara” no ano 2018. En concreto, trátase das obras a realizar no inmovible con referencia catastral 27026A012030470001XY”.

Na cláusula terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución das actuacións ascende á cantidade total de 52.500,00€ de acordo co presuposto achegado coa solicitude que obra no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2018.

(...)”

Na cláusula Cuarta.-Achegas e compromisos das partes.

“Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

(...)

A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de 49.875,00€.

A cantidade sinalada anteriormente non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

(...)"

Na cláusula Décima.- Vixencia do Convenio.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2020 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2019, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

Na cláusula undécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2019. (...)”

O representante da Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba presentou, o 22 de marzo de 2019 con número de rexistro de entrada 6882, na Deputación Provincial de Lugo, dirixido ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que literalmente se establece:

“(...)”

Expón

Que non pode cumprir o prazo de execución e xustificación da subvención concedida, debido ao retraso na concesión da Autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre a Intervención que afecta a un ben incluído na catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, o que motivou o retraso na execución das obras de acondicionamento e reforma.

Solicita

A ampliación do prazo de execución da actuación subvencionable ate o 23 de abril de 2019 e consecuentemente o prazo de xustificación”.

Polo tanto prodúcese a necesidade de modificar a cláusula terceira - Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables- e a cláusula undécima - Prazos de xustificación- do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, na anualidade 2018, asinado o 13 de novembro de 2018, deixando inalteradas as restantes cláusulas do convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

Na cláusula terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

“O orzamento total, inicialmente previsto, de execución das actuacións ascende á cantidade total de 52.500,00€ de acordo co presuposto achegado coa solicitude que obra no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2018 e ata o 23 de abril de 2019.

(...)”

Na cláusula undécima.- Prazos de xustificación.

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de maio de 2019. (...)”.

Consideracións

O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(...) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do

desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais, normativa á que se fai alusión no expediente de conceción da subvención.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

A solicitude presentada polo representante da Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba supón a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

A solicitude formulada, o 22 de marzo de 2019 con número de rexistro de entrada 6882, na Deputación Provincial de Lugo, dirixida ao Servizo de Contratación e Fomento, é a seguinte:

“(…) A ampliación do prazo de execución da actuación subvencionable ate o 23 de abril de 2019 e consecuentemente o prazo de xustificación”.

Na cláusula décima –vixencia- do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, na anualidade 2018, establécese que “A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos

desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2020 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2019, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva”.

Polo que o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes.

O presente convenio e polo tanto, tamén a súa modificación, ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a aprobación da presente modificación é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 58.18 do Regulamento Orgánico da Excm. Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10 de marzo de 2011) e na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o

órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fagan constar as modificacións identificadas no presente informe, dadas as razóns expostas.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula terceira e a cláusula undécima do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, na anualidade 2018, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do convenio de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do Festival Resurrection Fest. ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo de referencia:

Antecedentes de feito:

En data 4 de abril de 2019 tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, solicitude presentada pola Alcaldesa do Concello de Viveiro para implementar unha relación interadministrativa de cooperación, concorrendo títulos competenciais e un obxectivo común: cooperar na celebración do festival Resurrection Fest 2019. A devandita cooperación concretaríase na produción técnica do festival.

Con dita solicitude achéganse:

Unha memoria explicativa da actuación que se pretende levar a cabo, na que se expón a importancia do Resurrection Fest para Viveiro e a Mariña Lucense, tendo unha previsión de visitantes de 86.000 asistentes e unha ocupación hoteleira do 100 % (segundo datos do ano anterior), o que supón un impacto económico moi importante para toda a comarca. A importancia do festival, que actúa como un dinamizador económico de toda a comarca, pero tamén como promotor turístico, convertendo a Mariña Lucense e a nosa provincia como un referente a nivel internacional.

Un dossier explicativo do festival e o seu impacto a nivel internacional. No que tamén se reflexa o seu impacto socioeconómico en Viveiro e na súa comarca e empregos creados.

Relación de premios recibidos.

O anexo II de orzamento e financiamento.

Un anexo III de declaración doutras axudas.

Un modelo de declaración responsable nesta relación de cooperación.

C.I.F. do Concello de Viveiro.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia.

Anexo á solicitude de convenio interadministrativo de Cooperación presentada.

Segundo a memoria asinada pola Alcaldía de Viveiro, o festival vense celebrando de forma ininterrompida dende 2006, que atrae cada ano ata Viveiro a milleiros de seguidores deste tipo de música. E esta considerado un referente dentro da Península e un dos mais importantes de Europa. Segundo o informe do ano 2016, o impacto económico do festival na comarca ascendeu a 10.250.000,00 euros, e convertendo a cada verán a este municipio, no epicentro da música hardcore, punk e metal, quedando así xustificado o seu interese xeral e súa repercusión turística.

O Concello ven colaborando coa organización do festival dende os seus inicios, mediante recursos humanos, na preparación do recinto, zonas de acampada e recursos materiais, poñendo a disposición, de maneira gratuíta, instalacións e espazos de titularidade municipal; sendo estas actuacións de difícil cuantificación económica.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do festival Resurrection Fest 2019, non constituíndo unha prestación propia dos contratos, guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción con eficacia do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

Actuación	Achega Deputación
FESTIVAL RESURRECTION FEST. Ano 2019	150.000,00€

O Concello de Viveiro, comprométese a efectuar a cesión de espazos de titularidade municipal a carón do festival para zona de acampada e medios materiais e humanos para a concreción das medidas de seguridade esixidas para este evento.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida e asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente, asumidos no convenio.

No Anexo a solicitude da Alcaldía, clarifícase que o Concello de Viveiro vai a colaborar coa posta a disposición da organización de medios materiais e humanos para o bo funcionamento do festival, e a Deputación financiar, contratar, executar e desenvolver a súa costa, as actuacións obxecto deste convenio no referente a cooperar na celebración do festival Resurrection Fest 2019 por un importe de 150.000,00 €, en concreto no apartado de produción técnica.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 de 1 de outubro do RXSP sinala que:

“... deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude as relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico - administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que

consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...).”.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a

natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos da celebración do Festival Resurrection Fest 2019.

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os

de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económica – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

En canto as competencias e fins do Concello de Viveiro, en relación coa promoción turística e da cultura, indícase o seguinte:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras: “... h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...) m) promoción da cultura e equipamentos culturais”.

Así a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Ademais, os artigos 5 e 6 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia recollen as competencias turísticas dos municipios e das entidades locais supramunicipais, que precisan.

E nos artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recóllense as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e as entidades locais.

Estas determinacións competenciais das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais (como ocorre coas mencionadas).

A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que coopere co Concello de Viveiro na achega de financiamento para a realización do festival así como contratar, executar e desenvolver a súa costa, as actuacións obxecto deste convenio no referente a cooperar coa celebración do Festival Resurrection Fest 2019, e nomeadamente co apartado de “produción técnica”, co que se impulsa a promoción turística desta zona da Mariña Lucense, e de forma indirecta, a da provincia en xeral. Este festival, conleva a promoción turística dos concellos da zona e da provincia, e en consecuencia, a xeración de riqueza; lembremos os resultados económicos e de promoción turística da última edición do mesmo na comarca o que fomenta a achega de numerosas

persoas ao pobo e, sendo unha oportunidade única para atraer novos visitantes e promocionar o turismo na Mariña, co conseguinte pulo económico que se xera.

Trátase dunha situación de aproveitamento de sinerxias, co obxectivo de que sirva como un instrumento vertebrador e cohesionador da sociedade. A través desta actuación preténdese aumentar a capacidade para xerar emprego de forma sostible na zona, e a utilización do turismo como un reequilibrador territorial que favoreza o posible asentamento de persoas e de un pulo económico á provincia.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, onde todas as administración públicas deberán cooperar no desenvolvemento de medidas encamiñadas ao fomento da actividade turística e á promoción económica da Mariña Lucense.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio

establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do Festival Resurrection Fest 2019, cun orzamento total de 150.000,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 150.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 150.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 4320.22609 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DUNHA CONCESIÓN DEMANIAL PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO: INSTALACIÓNS EN BELESAR PRESA CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura, do seguinte teor:

“En relación co expediente de referencia sinálanse os seguintes antecedentes:

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 15 de febreiro de 2019 aprobou a proposta para iniciar o procedemento para o outorgamento dunha concesión demanial para a utilización privativa de bens de dominio publico: Instalacións en Belesar Presa no Concello de Chantada polo procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

Aprobar os Pregos de condicións económico administrativas que han de rexer no dito concurso.

Que para dar cumprimento ao acordado pola Xunta de Goberno, publica o procedemento co correspondente anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 48, de 26 de febreiro de 2019 e ao día seguinte no perfil do contratante desta Deputación

Que segundo o informe emitido pola Unidade de Rexistro Xeral da Entidade Provincial consta un envío dun xustificante de entrega nas oficinas de correos dunha proposta para participar neste procedemento asinada por José Manuel Vázquez Capón.

A Mesa de Concesión con data de 7 de marzo acorda a admisión do único licitador ao procedemento. Non obstante consta no expediente que José Manuel Vázquez Capón, único licitador, non presenta a documentación que lle foi requirida e presenta, o 1 de abril de 2019, renuncia á oferta que presentou no presente procedemento.

Á vista da dita renuncia e non habendo outros licitadores no procedemento a Mesa de Concesión, na reunión celebrada o 2 de abril de 2019, determina que procede declarar deserto o presente procedemento.

Vista a aplicación na tramitación do procedemento da lexislación aplicable: Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, a lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas o Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións aplicables na materia e as cláusulas administrativas que rexeron no presente procedemento de concorrência pública.

Visto que o órgano competente é a Xunta de Goberno, tanto no que se refire á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e, no seu caso técnicas, á adxudicación e a interpretación, modificación e resolución segundo os termos do artigo 59 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Polo exposto, vistos os acordos da Mesa de Concesión, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Declarar deserto o procedemento para o outorgamento da concesión demanial para a utilización privativa de bens de dominio publico: “Instalacións en Belesar Presa no Concello de Chantada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DUNHA CONCESIÓN DEMANIAL PARA A UTILIZACIÓN PRIVATIVA DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO: INSTALACIÓN EN BELESAR POBO NO CONCELLO DE O SAVIÑO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Area de Turismo e Cultura, do seguinte teor:

“En relación co expediente de referencia sinálanse os seguintes antecedentes:

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 15 de febreiro de 2019 aprobou a seguinte proposta:

Iniciar o procedemento para o outorgamento dunha concesión demanial para a utilización privativa de bens de dominio publico: Instalacións en Belesar Pobo no Concello de O Saviño polo procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

Aprobar os Pregos de condicións económico administrativas que han de rexer no dito concurso.

Que para dar cumprimento ao acordado pola Xunta de Goberno, se publica o procedemento co correspondente anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 48, de 26 de febreiro de 2019 e ao día seguinte no perfil do contratante desta Deputación

Que, a Mesa de Concesión realiza as seguintes actuacións:

Na sesión celebrada o 12.03.19:

Da conta da presentación dentro do prazo das seguintes propostas:

Asinada por José Mazaira Vázquez.

Asinada José Manuel Vázquez Capón.

Da conta da presentación fora do prazo establecido na cláusula 9 do prego a asinada por Ángel Manuel Gómez Sánchez polo que queda excluído do procedemento.

Da conta do resultado da apertura das proposta presentadas en prazo:

Subscrita por José Mazaira Vázquez:

Sobre nº 1 contén a documentación xeral de carácter administrativo esixida.

Sobre nº 2 relativa á oferta técnica no que se incorpora unha memoria da actividade a realizar. Non obstante, A Mesa observa que o contido deste sobre non consta asinado e determina admitir ao licitador José Mazaira Vázquez condicionadamente á súa sinatura. Para elo, concederase un prazo de tres días hábiles baixo apercibimento, no seu caso, de exclusión definitiva da licitación para que proceda á sinatura da dita memoria da actividade nas Dependencias Provinciais.

Subscrita por José Manuel Vázquez Capón:

Sobre nº 1 contén a documentación xeral de carácter administrativo esixida:

Sobre nº 2 relativa á oferta técnica no que se incorpora unha memoria da actividade a realizar. Non obstante, a Mesa observa que non consta asinada e determina admitir ao licitador José Manuel Vázquez Capón condicionadamente á súa sinatura. A cuxos efectos concederáse un prazo de tres días hábiles baixo apercibimento, no seu caso, de exclusión definitiva da licitación para que proceda á sinatura da dita memoria da actividade nas Dependencias Provinciais.

Determina que, de conformidade coa cláusula 16 do prego reitor, para a valoración da ofertas se proceda á solicitude de informe técnico ao Servizo de Turismo.

Na sesión celebrada o 18.03.19:

Da conta de que tanto José Mazaira Vázquez como José Manuel Vázquez Capón asinaron no prazo concedido ao efecto a memoria da actividade presentada para participar no procedemento incluída no sobre nº 2. Polo que quedan admitidos definitivamente ambos licitadores no presente procedemento .

Da conta da valoración das ditas ofertas técnicas segundo o disposto no cláusula 15 do prego. E do que resulta s puntuacións total das proposicións presentadas son:

	Oferta técnica (Sobre nº 2)	Oferta económica (Sobre nº 3)	Puntuación total
José Mazaira Vázquez	45	48,71	93,71
José Manuel Vázquez Capón	0	55	55

Da conta da puntuación final, de cuxo resultado acorda, por unanimidade, propoñer como concesionario do inmovible provincial denominado “Instalacións en Belesar Pobo no Concello de O Saviñao” a José Mazaira Vázquez. Esta proposta queda condicionada á presentación da documentación preceptuada na cláusula 16 relativa as obrigas tributarias, coa Seguridade Social e IAE e que esta Mesa requirirá.

Na sesión celebrada o 02.04.19:

Da conta de que, non obstante a presentación da mencionada documentación preceptuada na cláusula 16 dos pregos José Mazaira Vázquez, acompaña escrito no que indica “que non aceptaría a concesión si o establecemento non conta coa pertinente licenza de actividade, xa que suporía retrasar a apertura, a realización de obras coa conseguinte elaboración de proxecto técnico e cun custe engadido. Sendo así, o prazo da concesión é moi curto para o retorno do investimento a realizar”.

En relación con esta condición, a ningún membro da Mesa lle consta, a data de hoxe, da existencia da dita licenza de actividade. Mais sinálase que a cláusula 21 do prego reitor establece que o concesionario deberá obter os permisos, licenzas e autorizacións que establezan as disposicións vixentes, no caso que fosen necesarias para o exercicio das actividades que se desenvolvan nos terreos e edificacións obxecto de concesión.

Polo que a non asunción expresa desta obriga polo licitador manifesta a non aceptación do licitador a continuar participando no presente procedemento.

Da conta, das consecuencias da dita renuncia polo licitador que fora proposto por esta Mesa no primeiro lugar, e en atención á cláusula 16 do prego reitor, esta Mesa acorda, por unanimidade, propoñer como concesionario do inmovible provincial denominado “Instalacións en Belesar Pobo no Concello de O Saviñao”, a José Manuel Vázquez Capón. Esta proposta queda condicionada á presentación da documentación preceptuada na cláusula 16 relativa as obrigas tributarias, coa Seguridade Social e IAE e que esta Mesa requirirá.

Na sesión celebrada o 05.04.19:

Dáse conta do cumprimento o dito requirimento polo licitador José Manuel Vázquez Capón que se realiza tanto en prazo como nos termos expostos na citada cláusula 16 do prego reitor.

Dáse conta do requirimento para que presente xustificante de constitución da garantía definitiva polo importe de 1.335,27 €_establecido na cláusula 10 do prego reitor relativo as

garantías: “O licitador que resulte adxudicatario deberá constituír a garantía definitiva por importe do 3% do valor de dominio público ocupado (44.509,19 €) de acordo co establecido no art. 90.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. A devandita garantía devolverase ao concesionario ao remate da concesión”

Respecto da constitución da garantía definitiva consta xustificante de ingreso de efectivo na conta bancaria da entidade ABANCA a favor desta Deputación Provincial con data de 08.04.2019 por importe de 1.335,27 €, polo que proceder trasladar ao órgano competente os resultados das actuacións realizadas da proposta a favor de José Manuel Vázquez Capón como concesionario do inmovible provincial denominado “Instalacións en Belesar Pobo no Concello de O Saviñao”, para a adopción dos acordos que estime pertinentes.

Vista a aplicación na tramitación do procedemento da lexislación aplicable: Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, a lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas o Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións aplicables na materia e as cláusulas administrativas que rexeron no presente procedemento de concorrencia pública.

Visto que o órgano competente é a Xunta de Goberno, tanto no que se refire á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e, no seu caso técnicas, á adxudicación e a interpretación, modificación e resolución segundo os termos do artigo 59 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Polo exposto, vistos os acordos da Mesa de Concesión e os informes dos servizos provinciais, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Resolver a adxudicación da concesión demanial do inmovible provincial denominado “Instalacións en Belesar Pobo no Concello de O Saviñao”, a favor de José Manuel Vázquez Capón como concesionario do dito inmovible provincial.

2º.- Formalizar a presente concesión demanial no prazo dos cinco días seguintes ao da notificación do presente acordo de adxudicación.

3º.- Determinar como responsable da presente concesión demanial ao Coordinador de Rutas Fluviais ou no seu caso á Xefa do Servizo de Turismo e Cultura”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DE PARCELA DESTINADA Á CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DA TERCEIRA IDADE NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Coa aprobación por unanimidade do acordo adoptado polo Pleno Provincial celebrado o 26 de outubro de 2010 relativo á construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, revélase o obxectivo da construción e xestión dunha serie de centros de atención para as persoas maiores na provincia, principalmente naqueles concellos que carezan destes centros ou cando a súa poboación maioritaria se encontre dentro dos parámetros que regulan este tipo de dotación social.

Para a consecución desta finalidade é necesario contar cun equipamento, establecemento ou instalación no que se preste, dun xeito estable e continuado, unha atención integral e directa a aquelas persoas con idade igual ou superior a 65 anos que ingresen sendo autónomas ou que se encontren nunha situación de dependencia leve ou moderada, ou excepcionalmente, aos maiores de 60 anos que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

Para este destino esta Deputación Provincial pretende a construción, posta en servizo e futura explotación de dotacións públicas sociais na provincia de Lugo e a tal fin asinaranse con cada concello os distintos convenios particulares de colaboración nos que se establecerán as condicións propias e características técnicas individualizadas, co seguinte contido mínimo:

Os concellos adquieren o compromiso de colaborar, impulsar e favorecer todos aqueles aspectos administrativos que posibiliten os fins do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.

Os concellos cederán gratuitamente á Deputación Provincial, para a edificación e servizos que se pretenden construír, o solo libre de cargas capaces de recibir a dotación coas características técnicas e urbanísticas necesarias (...).

Como consecuencia do devandito acordo provincial e respecto do Concello de Folgoso do Courel.

O 27.04.2018 o Pleno do Concello de Folgoso do Courel acorda a aprobación da cesión gratuíta de edificación e parcela con referencia catastral 000904700PH41F0001HP para a construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no dito Concello a favor da Deputación Provincial de Lugo.

Non obstante, determina a reversión automática do ben cedido gratuitamente ao patrimonio deste Concello se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de cinco anos e deixa de selo, posteriormente, no transcurso de trinta anos.

O 26.07.2018 asínase o Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Folgoso do Courel para a execución dos fins comúns consistentes na construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no dito Concello. O dito convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23 de marzo de 2018.

Ademais consta no expediente os seguintes antecedentes:

Informe de viabilidade urbanística municipal asinado o 13 de marzo de 2018, polo arquitecto Xosé Lois López Otero.

Informe de 17 de xuño de 2018 do citado técnico de valoración da edificación da edificación do antigo CEIP de Folgoso e a parcela na que se sitúa, no que entre outros extremos, realiza a seguinte valoración:

Parcela identificada co número de referencia catastral 000904700PH41F0001HP

Parcela: Superficie de 7.034 m²

Edificación: a) superficie de parcela ocupada: 341,35 m²

b) Superficie constituída total: 1.063,65 m²

Valoración do solo: 69.309 €

Valoración da construción: 131.602 €

Aplicación dos coeficientes de depreciación do 0,8

Valoración total de 160.729 €

Nota simple expedida con data de 11 de outubro de 2018 de inscrición no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos-Quiroga a favor do Concello de Folgoso do Courel cos seguintes datos:

Terreo e edificación (antigo colexio) baixo a referencia catastral 000904700PH41F0001HP inscrita ao Tomo 197, Libro 31, Folio 102 que se encontra libre de cargas e gravames.

Sublíñase que a finalidade da presente cesión non é a parcela de terreo/edificación, en si mesma considerada, senón a finalidade da propia cesión dirixida á consecución dun fin de natureza e servizo público que se materializará coa construción dun complexo residencial para persoas maiores no dito Concello. E é a esta finalidade á que se vinculan as dúas corporacións e se

comprometen mediante os seus respectivos acordos plenarios, no que quedan manifestadas as vontades do cedente e do aceptante e das que queda excluída a figura da doazón ou outro acto de mera liberalidade.

Terase en conta que si a parcela cedida gratuitamente a esta Entidade Provincial non fose destinada ao uso previsto para a realización do fin de interese social expresado e dentro do prazo sinalado resolverase a cesión e exercitarase a acción de reversión conforme ao carácter finalista da presente cesión. (artículo 111 do RBEL).

Por último, e non obstante o contido non básico do artigo 113.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das administracións públicas que establece que as cesións gratuítas de bens inmoables, cando o cesionario sexa outra Administración pública, poden formalizarse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Non obstante procederase á formalización da presente cesión de titularidade en escritura pública para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos servizos provinciais propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta da titularidade da parcela e edificación identificadas baixo o número de referencia catastral 000904700PH41F0001HP acordada polo Pleno do Concello de Folgoso do Courel para a construción de Residencia e Centro de Día da Terceira Idade no dito Concello a favor da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Ordenar a incorporación dos ditos inmoables no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DE PARCELA DESTINADA Á CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE NO CONCELLO DE POBRA DE BROLLÓN.

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Coa aprobación por unanimidade do acordo adoptado polo Pleno Provincial celebrado o 26 de outubro de 2010 relativo á construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, revélase o obxectivo da construción e xestión dunha serie de centros de atención para as persoas maiores na provincia, principalmente naqueles concellos que carezan destes centros ou cando a súa poboación maioritaria se encontre dentro dos parámetros que regulan este tipo de dotación social.

Para a consecución desta finalidade é necesario contar cun equipamento, establecemento ou instalación no que se preste, dun xeito estable e continuado, unha atención integral e directa a aquelas persoas con idade igual ou superior a 65 anos que ingresen sendo autónomas ou que se encontren nunha situación de dependencia leve ou moderada, ou excepcionalmente, aos maiores de 60 anos que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

Para este destino esta Deputación Provincial pretende a construción, posta en servizo e futura explotación de dotacións públicas sociais na provincia de Lugo e a tal fin asinaranse con cada concello os distintos convenios particulares de colaboración nos que se establecerán as condicións propias e características técnicas individualizadas, co seguinte contido mínimo:

Os concellos adquiren o compromiso de colaborar, impulsar e favorecer todos aqueles aspectos administrativos que posibiliten os fins do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.

Os concellos cederán gratuitamente á Deputación Provincial, para a edificación e servizos que se pretenden construír, o solo libre de cargas capaces de recibir a dotación coas características técnicas e urbanísticas necesarias (...).

Como consecuencia do devandito acordo provincial e respecto do Concello de Pobra de Brollón:

O 28-06-2018 asínase o Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun Centro Residencial persoas maiores no municipio de Pobra de Brollón. O dito convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 2 de marzo de 2018.

O 7-11-2018 o Pleno do Concello de Pobra de Brollón acorda a aprobación da cesión gratuíta dos terreos necesarios para a construción da residencia que se concretan na finca de referencia catastral 27047A032009230000ST, a favor da Deputación Provincial de Lugo.

O 1-02-2019 a Xunta de Goberno Provincial aproba a proposta relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Pobra de Brollón, para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun Centro Residencial persoas maiores no municipio de Pobra de Brollón.

O 8-02-2019 a Xunta de Goberno Provincial aproba a proposta relativa o expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de Pobra de Brollón.- Construción de Centro Residencia de atención a persoas maiores.

Consta no expediente de cesión desta parcela os informes de 31 de outubro de 2018 asinados polo arquitecto municipal no que, entre outros extremos, clasifica o solo como urbano dentro de núcleo rural polo que é susceptible de albergar os usos e de construír novas edificacións, e unha valoración de 148.416,60 €.

Consta nota simple informativa expedida o 28 de febreiro de 2018 de inscrición no Rexistro da Propiedade de Monforte Lemos- Quiroga, no folio 197 do Libro 86 de Pobra de Brollón, Tomo 222 da citada parcela urbana nº 8085, libre de cargas, gravames ou afeccións fiscais.

Sublíñase que a finalidade da presente cesión gratuíta non é a parcela de terreo, en si mesma considerada, senón a finalidade da propia cesión dirixida á consecución dun fin de natureza

e servizo público que se materializará coa construción dun complexo residencial para persoas maiores no Concello de Pobra de Brollón. E é a esta finalidade á que se vinculan as dúas corporacións e se comprometen mediante os seus respectivos acordos plenarios, no que quedan manifestadas as vontades do cedente e do aceptante e das que queda excluída a figura da doazón ou outro acto de mera liberalidade.

Terase en conta que si a parcela cedida gratuitamente a esta Entidade Provincial non fose destinada ao uso previsto para a realización do fin de interese social expresado e dentro do prazo sinalado resolverase a cesión e exercitarase a acción de reversión conforme ao carácter finalista da presente cesión. (artículo 111 do RBEL).

Por último, e non obstante o contido non básico do artigo 113.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das administracións públicas que establece que as cesións gratuítas de bens inmobles, cando o cesionario sexa outra Administración pública, poden formalizarse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, non obstante procederase á formalización da presente cesión gratuita en escritura pública para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos desta Entidade, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta da titularidade da parcela identificada baixo o número de referencia catastral 27047A032009230000ST, libre de cargas e gravames, acordada polo Pleno do Concello de Pobra de Brollón para a construción dun complexo residencial para persoas maiores neste Concello.

2º.- Ordenar a inscrición do citada parcela no Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DE PARCELA DESTINADA Á CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA), NO CONCELLO DE PORTOMARÍN.

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Coa aprobación por unanimidade do acordo adoptado polo Pleno Provincial celebrado o 26 de outubro de 2010 relativo á construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, revélase o obxectivo da construción e xestión dunha serie de centros de atención para as persoas maiores na provincia, principalmente naqueles concellos que carezan destes centros ou cando a súa poboación maioritaria se encontre dentro dos parámetros que regulan este tipo de dotación social.

Para a consecución desta finalidade é necesario contar cun equipamento, establecemento ou instalación no que se preste, dun xeito estable e continuado, unha atención integral e directa a aquelas persoas con idade igual ou superior a 65 anos que ingresen sendo autónomas ou que se encontren nunha situación de dependencia leve ou moderada, ou excepcionalmente, aos maiores de 60 anos que pola súa situación persoal ou social precisen destes centros.

Para este destino esta Deputación Provincial pretende a construción, posta en servizo e futura explotación de dotacións públicas sociais na provincia de Lugo e a tal fin asinaranse con cada concello os distintos convenios particulares de colaboración nos que se establecerán as condicións propias e características técnicas individualizadas, co seguinte contido mínimo:

Os concellos adquiren o compromiso de colaborar, impulsar e favorecer todos aqueles aspectos administrativos que posibiliten os fins do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.

Os concellos cederán gratuitamente á Deputación Provincial, para a edificación e servizos que se pretenden construír, o solo libre de cargas capaces de recibir a dotación coas características técnicas e urbanísticas necesarias (...).

Como consecuencia do devandito acordo provincial e respecto do Concello de Portomarín:

O 28.06.2018 o Pleno do Concello de Portomarín acorda a aprobación da cesión gratuíta das parcelas con referencias catastrais 3308604PH1430N0001QY, 3308603PH1430N0001GY e 3308602PH1430N0001YY para a construción de apartamentos tutelados e centro de día a favor da Deputación Provincial de Lugo.

Non obstante, determinase que os fins para o cal se outorga a dita cesión deberá cumprirse no termo máximo de catro anos debendo manter o seu destino polo menos os dez anos seguintes. No seu caso terá efectos resolutorios e de reversión e indemnización segundo preve o artigo 110 do Regulamento de Bens das entidades locais.

O 03.08.2018 asínase o Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (Apartamentos tutelados e Centro de día) no municipio de Portomarín. O dito convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15 de xuño de 2018 e rectificación de erros de 3 de agosto de 2018.

O 15.02.2019 a Xunta de Goberno Provincial aproba a proposta relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (Apartamentos tutelados e Centro de día) no municipio de Portomarín.

O 01.03.2019 a Xunta de Goberno acorda a aprobación do proxecto e contratación da obra de: Portomarín.-Construción de Centro de Atención a Persoa Maiores-Apartamentos tutelados e Centro de día e a toma de razón da cesión gratuíta das parcelas referidas no citado acordo do concello no Pleno celebrado o 28.06.2018.

Ademais consta no expediente os seguintes antecedentes:

Informe de 15 de outubro de 2018 asinado pola arquitecta asesora municipal no que reitera informe expedido o 16 de agosto de 2016, no que entre outros extremos, realiza a seguinte valoración:

Parcela identificada co número de referencia catastral 3308604PH1430N0001QY:

Superficie: 242 m²

Valor 75 €/m²= 18.150 €

Parcela identificada co número de referencia catastral 3308603PH1430N0001GY:

Superficie: 275 m²

Valor 75 €/m²= 20.625 €

Parcela identificada co número de referencia catastral 3308602PH1430N0001YY:

Superficie: 275 m²

Valor 75 €/m²= 20.625 €

Valoración total de 59.400 €.

Informe de viabilidade urbanística municipal de 29 de maio de 2018.

Notas simples expedidas con data de 15 de outubro de 2018 de inscrición no Rexistro da Propiedade de Chantada a favor do Concello de Portomarín cos seguintes datos:

Parcela con referencia catastral 3308604PH1430N0001QY inscrita ao Tomo 812, Libro 34, Folio 212 que se encontra libre de cargas e gravames estando unicamente suxeita ás afeccións fiscais vixentes referidos ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Parcela con referencia catastral 3308603PH1430N0001GY: inscrita ao Tomo 812, Libro 34, Folio 213 que se encontra LIBRE DE CARGAS e gravames estando unicamente suxeita ás afeccións fiscais vixentes referidos ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

Parcela con referencia catastral 3308602PH1430N0001YY inscrita ao Tomo 812, Libro 34, Folio 214 que se encontra libre de cargas e gravames estando unicamente suxeita ás afeccións fiscais vixentes referidos ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

O alcance da dita afección fiscal, a teor do artigo 79 da lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria fai responsable subsidiario aos adquirentes de bens afectos por lei ao pago da débeda tributaria, si a débeda non se paga. E serán os bens e dereitos transmitidos os que quedan afectos á responsabilidade do pagamento do tributo que puidese corresponder. E dicir, desa continxencia sería responsable subsidiario esta Deputación Provincial. Non obstante as ditas afeccións fiscais vixentes non obstaculizan a presente aceptación, nin a formalización nin a inscrición rexistral a favor desta Deputación Provincial.

A dita nota queda sen efecto e debe ser cancelada en todo caso transcorridos cinco anos desde a fecha en que se estendeu a teor do artigo 122.4 do Real Decreto 828/1995, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos xurídicos Documentados.

Sublíñase que a finalidade da presente cesión non é a parcela de terreo, en si mesma considerada, senón a finalidade da propia cesión dirixida á consecución dun fin de natureza e servizo público que se materializará coa construción dun complexo residencial para persoas maiores no dito Concello. E é a esta finalidade á que se vinculan as dúas corporacións e se comprometen mediante os seus respectivos acordos plenarios, no que quedan manifestadas as vontades do cedente e do aceptante e das que queda excluída a figura da doazón ou outro acto de mera liberalidade.

Terase en conta que si a parcela cedida gratuitamente a esta Entidade Provincial non fose destinada ao uso previsto para a realización do fin de interese social expresado e dentro do prazo sinalado resolverase a cesión e exercitarase a acción de reversión conforme ao carácter finalista da presente cesión. (artículo 111 do RBEL).



Por último, e non obstante o contido non básico do artigo 113.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das administracións públicas que establece que as cesións gratuítas de bens inmoables, cando o cesionario sexa outra Administración pública, poden formalizarse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, non obstante procederase á formalización da presente cesión de titularidade en escritura pública para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos servizos provinciais propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta da titularidade das parcelas identificadas baixo os números de referencia catastral 3308604PH1430N0001QY, 3308603PH1430N0001GY e 3308602PH1430N0001YY acordada polo Pleno do Concello de Portomarín para a construción de apartamentos tutelados e centro de día neste Concello.

2º.- Ordenar a incorporación das citadas parcelas ao Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

Obra: Rehabilitación de firme en tramos descontinuos de vías: LU-P- 3801 “Ouroi-O Carmen-As Lobeiras”, entre P.K. 1+900 y 9+820; LU-P- 3802 “Ouroi-Igrexa de Ouroi”, entre P.K. 0+000 y 1+665; LU-P- 6602 “Ruanova-Sixto-Muras” entre P.K. 6+550 y 8+300; LU-P- 3807 “Bravos-Foxo-San Pantaleón” entre P.K. 0+000 y 0+450; LU-P- 3803 “Ponte Torta-Cruz das Leiras” entre P.K. 0+900 y 1+750. (OUROL).

Contratista: Grupo Bascuas 2008, S.L.

Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4906 "Portomarín-Seixón", P.K. 0+000 al 2+100 y LU-P-4910 "O Suto (LU-633)-Clube Náutico", P.K. 0+090 al 0+530. PORTOMARÍN

Contratista: Grupo Bascuas 2008, SL.

12.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo



para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Acceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
Asoc. de Nais e Pais “AMOLOU”	632,00
AMPA IES Anxes Fole	948,00
A.C. Teatral “IN BOCCA AL LUPPO”	809,00
A.C. Sarricanta	809,00
ASOC. Artesans de Mondoñedo “Os Muiños”	777,00

13.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2017-2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“Detectados erros materiais na proposta de resolución do concurso para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondentes ao curso 2017-2018, para os empregados públicos desta Deputación Provincial, aprobada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 28 de decembro de 2018, tendo en conta o artigo 105.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proponse á Xunta de Goberno adopte acordo procedendo á corrección no seguinte sentido:

Onde di:

“Outorgar ao persoal funcionario, eventual, laboral, xubilado e orfos desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de

axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2017-2018, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

(...)

Beneficiarios funcionarios	53.723,88 €
(...)	
Beneficiarios traballadores laborais fixos	6.968,01 €
(...)	
TOTAL	80.885,58

Debe dicir:

“Outorgar ao persoal funcionario, eventual, laboral, xubilado e orfos desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2017-2018, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

(...)

Beneficiarios funcionarios	54.150,54 €
(...)	
Beneficiarios traballadores laborais fixos	7.784,34 €
(...)	
TOTAL	82.129,57

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 130/2019-P.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº



130/2019-P, interposto pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., fronte a desestimación presunta do recurso de reposición interposto en data 14 de xaneiro de 2019 contra acordos da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas trinta e tres minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.